

BIODIVERSIDADE



FAUNA INVASORA

Sapoconcho de Florida

Trachemys scripta

ORIXE: Estados Unidos, América Central e Sudamérica ata Brasil.

Galápagos de tamaño mediano, que se caracteriza pola presenza dunha mancha prominente a cada lado da cabeza, cuxo colorido difire segundo as subespecies. Podemos atopalo en todo tipo de masas de auga doce. A súa presenza asóciase a masas de auga que están próximas ou incluídas en núcleos urbanos, ou ben que reciben asiduamente visitantes.

☉ Danos que produce:

- Son omnívoros e oportunistas, depredan tanto á vexetación como á fauna local, dende insectos e outros invertebrados ata pequenos peixes e anfibios.
- Poden transmitir enfermidades e parasitos á nosa fauna cos conseguíntes riscos para a saúde humana.



Troita arco iris

Oncorhynchus mykiss

ORIXE: Ríos do Pacífico de América do Norte.

Ten un aspecto semellante á troita común, pero coa cabeza un pouco máis pequena. Tanto o corpo como as aletas adiposa e caudal están pintadas con pequenas manchas negras mostrando unha banda lateral irisada que percorre todo o corpo.

☉ Danos que produce:

- É unha ameaza para os nosos peixes autóctonos ao ser unha especie depredadora, que pode habitar en zonas con poboacións autóctonas de salmónidos e ciprínidos.
- Pode afectar ás nosas poboacións pola transmisión de enfermidades ademais de competir polo refuxio, alimento e frezadeiros (lugares onde os peixes acoden a desovar).



Cangrexo americano

Procambarus clarkii

ORIXE: Noroeste de México e centro e sur de Estados Unidos.

A coloración típica é avermellada, aínda que pode presentar tonalidades azuladas. Ten espiñas aos lados da sutura cervical.

☉ Danos que produce:

- É un consumidor voraz de invertebrados, peixes, anfibios e macrofitos.
- Pola súa actividade escavadora produce desprazamentos de terra, danos en embalses e estruturas de irrigación e degrada as beiras dos nosos ríos.
- Produce alteración das redes tróficas e perda de biodiversidade debido á súa presenza en brañas.
- Contribúe ao declive do cangrexo autóctono, por competencia sobre o territorio e por propagar a enfermidade infecciosa causada polo fungo *Aphanomyces astaci*, que é letal para o noso cangrexo.
- Depredación sobre ovos e larvas de anfibios.
- Diversas especies de patos mergulladores de hábitos fitófagos vense ameazadas pola presión que os cangrexos exercen sobre a vexetación subacuática.



ORIXE: Estados Unidos e Canadá.

Mamífero carnívoro que se asemella á marta. Ten a cabeza ancha, orellas moi curtas e pelaxe lustrosa de cor parda uniforme, cunha raiá máis escura no dorso e patas curtas con pés anchos. A súa pel é moi estimada pola industria peleiteira.

☉ Danos que produce:

- É un activo depredador oportunista que caza crustáceos, peixes, anfibios, aves e pequenos mamíferos, afectando á fauna autóctona.
- Ten hábitos crepusculares, pero non é difícil velos en pleno día, carecendo de inimigos naturais que limiten severamente a súa presenza.
- Transmite enfermidades.



Avespa asiática

Vespa velutina

ORIXE: Sureste asiático.

Avespa de tamaño menor que as avespas autóctonas. Presenta unha tonalidade escura, co tórax marrón escuro veludo e segmentos abdominais marróns, cunha fina banda amarela. O cuarto segmento do abdome é case enteiraamente amarelo alaranxado e os extremos das patas son amarelos.

☉ Danos que produce:

- Presentan unha gran voracidade afectando ao equilibrio poboacional de moitas especies autóctonas de insectos, especialmente das abellas e outros polinizadores.
- Produce tamén danos directos no sector apícola e frutícola (danando colleitas de uva, mazá, pera...) e indirectos na agricultura en xeral por unha menor polinización que ten repercusións na produción e calidade de moitas colleitas ademais de comprometer a supervivencia de moitas especies de fauna.



Outras especies invasoras que afectan a Reserva son:

- Perca americana (*Micropterus salmoides*)
- Carpin dorado (*Carassius auratus*)
- Ameixa asiática (*Corbicula fluminea*)
- Gambusia (*Gambusia holbrooki*)
- Bico de coral (*Estrilda astrild*)



• Máis información en: www.marinasetanzos.org

• Participa e colabora coa app para móbiles Biodiversidade na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

